



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de xullo de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día cinco de xullo de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(723).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(724).- PROPOSTA DE PECHE DE EXPEDIENTE 2461/500 DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IBI. EXPTE. 2461/500.

Dáse conta do informe-proposta do 20/06/18, asinado pola xefa da Inspección de Tributos e a directora de Ingresos e conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local con data 12 de abril de 2018 prestou aprobación á proposta do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do IBI.

Ao terse producido con data 14 de maio de 2018, a posta de manifesto do expediente aos voceiros dos grupos políticos municipais sen o preceptivo ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, esta Dirección de Ingresos formula á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte.

Acordo:

1º) Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de abril de 2018, relativo á proposta de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis expediente 2461/500.

2º) Dar traslado do presente acordo aos Voceiros dos Grupos Políticos Municipais Populares de Vigo e Marea de Vigo, aos efectos das emendas formuladas en expedientes 1769/1101 e 1770/1101 de data 23 de maio de 2018, así como ao Tribunal Económico-Administrativo do Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(725).- SOLICITUDE DE AXUDA CONVOCADA POR ORDE DO 18/05/2018 DA CMAOT, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PÚBLICAS NA ÁREA DE INFLUENCIA SOCIOECONÓMICA DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS E SE CONVOCAN PARA O EXERCICIO ORZAMENTARIO 2018". EXPTE. 13593/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 04/07/18, dáse conta do informe-proposta do 03/07/18, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e a concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Orde do 18 de maio de 2018, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG 06/06/2018) establece as bases reguladoras das subvencións públicas con cargo ós orzamentos xerais do Estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e se convocan para o exercicio orzamentario do ano 2018.



Concello de Vigo

A Concelleira da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable ditou orde de inicio de data 03/07/2018, de procedemento administrativo tendente a solicitar unha axuda para o desenvolvemento de actividades medioambientais no marco de dita convocatoria.

II.- Características da subvención:

Obxecto da subvención: Axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia entre os que figura o Concello de Vigo (artigo 1.).

Proxectos subvencionables: no que á Área de Medio Ambiente interese compre indicar:

- Artigo 2.1.h) Iniciativas públicas ou privadas orientadas á divulgación e formación entre a poboación local dos valores e importancia do parque nacional, coa conservación dos valores naturais e culturais que xustificaron a súa declaración ou co uso sustentable dos recursos naturais.

Porcentaxes financiáveis:

- Ata o 80% do investimento subvencionable (non inclúe IVE), ata un importe máximo de axuda de 12.000 euros no caso do concello.

Beneficiarios: Entre outros, os concellos da área de influencia socioeconómica do Parque Nacional como é o caso do de Vigo.

Prazo Presentación: Ata 06 de xullo de 2018.

Forma de presentación: Unicamente por medios electrónicos no caso do Concello

Documentación esixible: Solicitud conforme anexo 1 da Orde, memoria da actividade, acordo do órgano competente e documentación acreditativa da representación.

Calendario de actividades: ano 2018, a partir da publicación da Orde no DOG 06/06/2018 e ata setembro 2018.

Forma de xustificación e pagamento da actividade: Na forma sinalada no artigo 20 da Orde. Un único pagamento.

III.- Memoria actividade obxecto de subvención:

Atendendo a orde de inicio da Concelleira Delegada de Área o servizo municipal de Medio Ambiente, realiza unha memoria descritiva da actividade para as que se solicita a subvención.

A memoria recolle fundamentalmente a seguinte actividade:

Desenvolver un **Programa de voluntariado medioambiental** conxunto entre a Concelleira de Medio Ambiente de Vigo e o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, así como realizar un **Programa de visitas divulgativas** de cidadáns e cidadás residentes en Vigo ás Illas Cíes.

1.1. Obxectivos

1. Sensibilizar á cidadanía viguesa sobre a riqueza medioambiental dun espazo natural como o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, facendo fincapé nos valores naturais e culturais que xustifican a súa declaración como parque nacional.
2. Promover a participación cidadá no seo da dinámica do Parque Nacional a través de actividades de conservación.
3. Facilitar actuacións a título altruísta de conservación dos espazos naturais protexidos do Concello de Vigo e, en particular, das Illas Cíes.

1.2. Destinatarios

- a) **Programa de voluntariado.** Cidadáns e cidadás maiores de idade empadroados en Vigo e interesados no proxecto de voluntariado Camiño a Camiño da Concellería de Medio Ambiente de Vigo.
- b) **Programa de visitas divulgativas.** Cidadáns e cidadás de todas as idades empadroados en Vigo.

As accións realizasense en xuño, xullo, agosto, setembro de 2018 para un máximo de 750 participantes.

Estas accións son semellantes ás desenvolvidas nos últimos entre o Concello de Vigo: Área de Medio Ambiente e o Parque Nacional e que se veñen executando dentro do programa municipal camiño a camiño.

O orzamento da actividade a desenvolver, estímase en:

ACCIÓNS 2018	Base	%iv e	IVE	Total
Acción de dinamización de voluntariado medioambiental verán 2018	7.500,00	21	1.575,00	9.075,00
Acampada familiar en Cíes	2.245,00	21	471,45	2.716,45
Visita guiada a Cíes	3.000,00	21	630,00	3.630,00
	12.745,00		2.676,45	15.421,45

Atendendo a prezos de mercado e custe desta actividade nos últimos que veu desenvolvemento a área de Medio Ambiente.

IV.- Financiamento das actividades

A actividade proposta podería ser subceptible dunha achega pola CMOT máxima do 80% do investimento subvencionable -exclúese o IVE- ata un importe de 12.000 euros no caso dos Concellos.

Polo que respecta ós gastos para a Administración municipal cómpre sinalar o seguinte:



Concello de Vigo

- As actividades, accións voluntariado medioambiental, acampadas e visitas guiadas a Cies 2018, están sendo executadas pola Administración municipal no marco do contrato menor autorizado pola concelleira da área de Medio Ambiente de data 07/03/2018 -expte. 13283/306- e debidamente fiscalizado pola Intervención xeral RC 24073/2018, polo que non xeraría ningún outro gasto para o Concello de Vigo.

V.- Fundamento xurídicos:

1.- O servizo de de Medio Ambiente, dentro do programa Camiño a Camiño, ben desenvolvemento diversas actividades medioambientais que se encadrarían no marco desta convocatoria, como actividades de voluntariado ambiental nas Illas Cíes, cursos de formación de voluntario medioambiental, charlas divulgativas sobre os valores das Illas Cíes, visitas guiadas e acampadas para dar a coñecer os valores e importancia do parque nacional.

2.- As ditas actividades encadraríanse dentro das competencias propias da Administración municipal e considérase xustificado o seu interese xeral toda vez que:

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015 competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.

A protección do medio ambiente exerceuse non só a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste marco de actuación, a concellería de Medio Ambiente considera de interese as actividades subvencionables tendentes, fundamentalmente, a conservación e restauración do patrimonio natural e divulgación de valores medioambientais e da biodiversidade do parque nacional na procura de sensibilizar á cidadanía en canto á protección do medio ambiente.

A maior abondamento, trátase de actividades que xa ven desenvolvendo o Concello de Vigo: Área de Medio Ambiente nos últimos anos.

Polo tanto, xustifícase o interese público municipal nas actividades subvencionables.

3.- A competencia para efectuar a solicitude está atribuída ao alcalde ao abeiro do establecido no artigo 124.4. da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Porén, tal atribución delegouna na Xunta de Goberno Local segundo o establecido no apartado Primeiro. 2. da resolución de delegación de competencias do alcalde na xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 (BOP, 14/07/2015),

Polo exposto, proposta á Xunta de Goberno a adopción so seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO.- Solicitar á Concellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia a axuda no marco da convocatoria da “Orde do 18 de maio de 2018, da dita Consellería (DOG 06/05/2018) pola que se establece as bases reguladoras das subvencións públicas con cargo ós orzamentos xerais do Estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e se convocan para o exercicio orzamentario do ano 2018”, conforme á memoria descritiva da actividade para a que se solicita a subvención: actividade de voluntariado, acampadas e visitas guiadas de divulgación e formación da poboación local sobre os valores do parque nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas, redactada polo Servizo de Medio Ambiente en data do 03 de xullo de 2018 e obrante no expediente 13593/306, sendo o importe total da actividade de 15.421,45 euros e o da subvención ata o 80% do investimento subvencionable -importe total menos o IVE- cun importe máximo de axuda de 12.000 euros.

SEGUNDO .- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, María Jesús Lago Rey, en virtude da delegación de atribucións do alcalde nos concelleiros de data 19 de xuño de 2015 (BOP 14/07/2015), asinará os documentos precisos en representación desta Administración municipal para solicitar a dita subvención.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(726).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REFORZO DA CAPA DE RODAXE DO FIRME DUN CAMIÑO MUNICIPAL ANEXO Á ESTRADA DO ZONDAL, INICIO PP.KK. 4+800”. EXPTE. 66/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 25/06/18, e o informe de fiscalización do 29/06/18, dáse conta do informe-proposta de data 26/06/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, e conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Mediante resolución do 15.12.2017 do Director Xeral da Axencia Galega de Desenrolo Rural foi aprobada a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao “Plan de mellora de camiños municipais 2018- 2019”. O citado Plan ten como obxecto a



Concello de Vigo

mellora das infraestruturas no medio rural de titularidade municipal. Entre a tipoloxía de actuacións previstas, atópase a de reforzo de firmes e mellora do drenaxe superficial.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 15.02.2018, acordou entre outros, a participación do Concello de Vigo no “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019”, así como a remisión da solicitude do Concello de Vigo de participación no citado Plan.

3.- Polo departamento de Fomento, preséntase proxecto de “REFORZO DA CAPA DE RODAXE DO FIRME DUN CAMIÑO MUNICIPAL ANEXO A ESTRADA DO ZONDAL INICIO PP.KK. 4+800”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E CINCO MIL SETENTA E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (155.073,85 EUROS), de xaneiro de 2018 e sinatura dixital de data 07.03.2018.

4.- En data 03.05.2018, recíbese notificación de resolución de concesión de axuda a favor do Concello de Vigo, ao abeiro do Plan de Melloras de camiños municipais 2018-2019, financiado con fondos propios da Consellería de Medio Rural, por importe de 73.827,00 €.

5.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 10.05.18, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en datas 14.05.2018 e 15.05.2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18.05.2018 aprobou o proxecto de “REFORZO DA CAPA DE RODAXE DO FIRME DUN CAMIÑO MUNICIPAL ANEXO A ESTRADA DO ZONDAL INICIO PP.KK. 4+800”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E CINCO MIL SETENTA E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (155.073,85 EUROS), de xaneiro de 2018 e sinatura dixital de data 07.03.2018.

6.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 5349/440 que inclúe o proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 18.05.2018, de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 18.05.2018, que se corresponde co expediente administrativo 5349/440, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de 155.073,85 EUROS, de xaneiro de 2018 e sinatura dixital de data 07.03.2018
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, o Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 23.05.2018 respectivamente, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.

- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 24.05.2018.
- d) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) da LCSP, asinada polo Xefe do Servizo de Vías e Obras, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e polo Xefe da Área de Inversións, e conformada polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza en data 28.05.2018.
- e) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 24.05.2018.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 05.06.2018.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de contratación de data 22.06.2018.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), os criterios de solvencia económica, financeira, técnica e profesional (artigo 116.4.c LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d LCSP), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) e a non división en lotes (artigo 116.4.g). Consta a elección do procedemento de licitación, aberto e tramitación urxente, así como a súa xustificación na memoria elaborada ao efecto. Xustifícase a adecuación do proxecto as disposicións de carácter legal e regulamentario, así como á normativa técnica de aplicación (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 10.05.2018), e o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento, e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). A proposta atópase contemplada dentro dos créditos vixentes no actual orzamento, e así mesmo e o seu financiamento atópase vinculado á concesión da axuda ao abeiro do “Plan de Mellora de camiños municipais 2018-2019”, outorgada mediante Resolución do 15 de decembro de 2017 do Director Xeral da Axencia Galega de Desenrolo Rural (DOG nº10



Concello de Vigo

do 15 de xaneiro de 2018). Xustifícase a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da actuación proposta.

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución das obras do proxecto de “REFORZO DA CAPA DE RODAXE DO FIRME DUN CAMIÑO MUNICIPAL ANEXO A ESTRADA DO ZONDAL INICIO PP.KK. 4+800”, e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 22.06.2018.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “CENTO CINCUENTA E CINCO MIL SETENTA E TRES EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS” (155.073,85 EUROS), sendo o importe correspondente ao IVE de 26.913,64 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.07 (Reforzo firme Estrada do Zondal).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5.-(727) PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “INSTALACIÓN DE ASENTOS PARA A BANCADA DE RÍO BAIXO NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS”. EXPTE. 3819/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 04/07/18, dáse conta do informe-proposta de data 03/07/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Con data de 08/07/2015, foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra para a realización das obras de Remodelación do Estadio Municipal de fútbol de Balaídos.

II.- Na actualidade foron executadas as obras das gradas de Preferencia e Tribuna e están a executarse as obras da Grada de Río.

No proxecto de obras da grada de Río non se incluía a substitución dos asentos das gradas por considerarse que se podían manter os actuais, quedando como mellora na licitación do contrato a substitución dos asentos, tanto da grada de Río Alto como de Río Baixo.

O adxudicatario das citadas obras ofertou, como mellora na licitación, a substitución dos asentos únicamente de Río Alto. Durante a execución do contrato de obras, e tralo levantamento dos asentos a substituír, en execución da mellora ofertada para a remodelación da grada, detectouse un estado dos asentos peor do previsto inicialmente no que se refire aos ancoraxes dos asentos á grada. A vista deste deficiente estado do ancoraxe dos asentos na grada de Río Alto comprobouse o estado do ancoraxe dos asentos da grada de Río Baixo, nos que se detectou o mesmo problema. Así as cousas, non poidendo garantizarse que cos ancoraxes á grada dos asentos de Río Baixo se poidan alcanzar as esixencias de resistencia, durabilidade e aseguramento destes, esixibles en instalacións deportivas de primeiro nivel e pública concurrencia, considerouse necesaria a súa substitución.

III.- O devandito convenio asinado entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial para a remodelación do Estadio de Balaídos foi obxecto dunha addenda para a adecuación financeira do mesmo e do seu prazo de vixencia, que foi asinada o 27 de setembro de 2017 e prevé, no que aquí importa, a substitución dos asentos da grada de Río Baixo.

IV.- Coa finalidade de realizar a devandita substitución de asentos en Río Baixo, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, con data 4 de febreiro de 2018 resolveu iniciar expediente para a contratación do subministro e instalación dos asentos da grada de Río Baixo do Estadio Municipal de Balaídos, para o cal os Enxeñeiros Municipais de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado procederon á redacción do correspondente proxecto, que coa denominación de "INSTALACIÓN DE ASENTOS PARA A BANCADA DE RIO BAIXO NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS" e cun orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUSCENTOS SESENTA E DOUS MIL CENTO DOCE EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (262.112,29 EUROS), foi redactado e asinado polos ditos técnicos municipais en data 30 de maio de 2018.

As actuacións que se levarán a cabo no Estadio Municipal de Balaídos son basicamente as seguintes:

- Desmontaxe, retirada e acopio dos asentos actuais.
- Tratamento da zona afectada mediante a aplicación de pintura en toda a superficie, previo selado de taladros existentes.



Concello de Vigo

- Instalación dos novos asentos mediante elementos metálicos anclados as gradas, e posterior acabado da superficie de gradas con pintura e numeración de filas. O prazo estimado para a execución das obras descritas é de OITO (8) semanas.

IV.- Á vista do proxecto redactado, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, con data 31 de maio de 2018, resolveu iniciar expediente para a súa aprobación.

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal emitiu con data 31 de maio de 2018 informe de supervisión do Proxecto obxecto deste expediente, indicando, en primeiro lugar que o mesmo non ten carácter preceptivo, de conformidade co disposto no artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP) xa que a contía é inferior a 500.000 euros e a actuación non afecta a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra. En calquera caso, informa favorablemente ao mesmo xa que, segundo se indica, o Proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola LCSP.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- Sen prexuízo do carácter mixto —subministro e obra— do contrato do subministro e instalación dos asentos da grada de Río Baixo do Estadio Municipal de Balaídos e do carácter principal da prestación correspondente ao subministro, a dita contratación require, como actuación preparatoria, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obra e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta do informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal emitido con data 31 de maio de 2018, sen que o mesmo teña o carácter preceptivo ao non superar o importe establecido no artigo 235 da LCSP.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Unha vez aprobado o proxecto e previamente á tramitación do correspondente expediente de contratación procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “INSTALACIÓN DE ASENTOS PARA A BANCADA DE RIO BAIXO NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS”, redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SESENTA E DOUS MIL CENTO DOCE EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (262.112,29 EUROS) con sinatura dixital de data 30 de maio de 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6.-(728)EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “PAVILLÓN DEPORTIVO CUBERTO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA A COMPLETA URBANIZACIÓN DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PARCIAL S.U.P. P.P.1 QUIRÓS. EXPTE. 64/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 02/07/18, e o informe de fiscalización do 05/07/18, dáse conta do informe-proposta de data 29/06/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Pleno municipal, en sesión de 25.10.2017 acordou “Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o cambio do uso dotacional de dúas parcelas municipais de 1.089 m² e 6.000 m² de superficie, respectivamente, sitas no ámbito do Plan Parcial S.U.P.P.1 Quirós, identificadas cos nº 28 e 29 no proxecto de compensación definitivamente aprobado, de dotacional educativo a dotacional deportivo.”

2.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 27 de decembro de 2017 recolle a aplicación orzamentaria 3420.622.00.06 “1ª ANUALIDADE CONSTRUCCIÓN NOVO PAVILLÓN QUIROS”.

Trátase dunha actuación cofinanciada derivada do “Convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra para a mellora de instalacións no termo municipal de Vigo”, expediente 4969/440. O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 02.01.2018.

4.- Para levar a cabo dita actuación, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28.12.2017, acordou adxudicar o procedemento aberto de servizos para a redacción do



Concello de Vigo

proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440), a prol da empresa UTE CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCIÓN, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.

5.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 08.05.18, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 10.05.2018 aprobou o proxecto básico e de execución de "PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO E INSTALACIÓN COMPLEMENTARIAS PARA A COMPLETA URBANIZACIÓN DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PLAN PARCIAL S.U.P. P.P. 1 QUIRÓS" redactado polos Arquitectos D. Santiago González García, D. Miguel Porras Gestido, Dna. Paula Costoya Carro e Dna. Mónica Fernández Garrido, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos e polo Enxeñeiro Industrial D. Julio Gómez Leiras, cun orzamento base de licitación máis IVE de 3.224.265,55 Euros, e data marzo 2018 e con sinatura dixital de data 2/05/2018 e o documento Memoria (1) do Tomo I con sinatura dixital de 7/05/2018.

6.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 3.799-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 10.05.2018 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Acordo plenario de data 25.10.2017 aprobando o cambio de uso dotacional escolar a dotacional deportivo.
- b) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 10.05.2018, que se corresponde co expediente administrativo 3799-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos D. Santiago González García, D. Miguel Porras Gestido, Dna. Paula Costoya Carro e Dna. Mónica Fernández Garrido, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos e polo Enxeñeiro Industrial D. Julio Gómez Leiras, cun orzamento base de licitación máis IVE de 3.224.265,55 Euros, de data marzo 2018.
- c) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, o Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de datas 16.05.2018 e 18.05.2018 respectivamente, onde se indica as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.

- d) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 21.05.2018.
- e) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 22.05.2018
- f) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor de data 27.06.2018.
- g) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 27.06.2018.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de contratación de data 27.06.2018.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística e adaptación ao contorno (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 08.05.2018), así como o cumprimento da normativa sectorial e a non necesidade de autorizacións sectoriais.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). A proposta atópase contemplada no orzamento aprobado inicialmente polo Pleno para o ano 2018, e así mesmo o financiamento desta actuación atópase vinculado aos



Concello de Vigo

compromisos derivados do Convenio de Colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora de instalacións deportivas no termo municipal de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de 29 de decembro de 2017. Xustifícase a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira nas repercusións económicas da instalacións.

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA A COMPLETA URBANIZACIÓN DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PLAN PARCIAL S.U.P. P.P. 1 QUIRÓS, redactado polos Arquitectos D. Santiago González García, D. Miguel Porras Gestido, Dna. Paula Costoya Carro e Dna. Mónica Fernández Garrido, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos e polo Enxeñeiro Industrial D. Julio Gómez Leiras, cun orzamento base de licitación máis IVE de 3.224.265,55 Euros, e data marzo 2018 .

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 27.06.2018.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “TRES MILLÓNS DOUSCENTOS VINTE E CATRO MIL DOUSCENTOS SESENTA E CINCO EUROS con CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS” (3.224.265,55 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 559.583,28 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.622.00.06 (1a ANUALIDADE CONSTRUCCIÓN NOVO PAVILLÓN QUIROS) coa seguinte distribución por anualidades:

2018: 1.495.629,32 eur.

2019: 1.728.636,23 eur.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gasto establecidas para os

importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2044 de 5 de marzo que aproba o texto refundido la Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 115,58 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez